

## GUÍA DE RECOMENDACIÓNS PREVENTIVAS DE SAÚDE LABORAL ANTE O CORONAVIRUS NOS MERCADOS DE VENDA NON SEDENTARIA

*16 de xuño de 2020*

### INTRODUCCIÓN

En base á información e ás recomendacións da autoridade sanitaria, elabóranse estas **recomendacións preventivas de saúde laboral ante o coronavirus nos mercados de venda non sedentaria** que ten como finalidade orientar as actuacións necesarias na fase de reactivación da súa actividade para garantir a saúde das persoas traballadoras.

Nesta guía recóllense unha serie de recomendacións e medidas de contención adecuadas para a protección do persoal vendedor, da propia clientela e viandantes ante a exposición ao coronavirus SARS-CoV-2.

As solucións para implantar na actividade nos mercados de venda non sedentaria **deberanse analizar individualmente para adaptalas á súa singularidade** e revisaranse en función das actualizacións das medidas propostas pola autoridade sanitaria.

Con carácter máis xeral, débense considerar tamén as recomendacións para a volta ao traballo recollidas no documento **Protocolo e guía de boas prácticas dirixida á actividade dos mercados de venda non sedentaria**, así como os criterios xerais que se establecen no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais ante a exposición ao SARS-CoV-2.

### INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A COVID-19

**O SARS-CoV-2 é un novo tipo de coronavirus** que pode afectar ás persoas causándolles a enfermidade COVID-19. O período de incubación medio é de 5-6 días, variando de 1 a 14 días. O 97,5% dos casos sintomáticos desenvólvense nos primeiros 11 días e medio tras a exposición.

**Transmítese por contacto directo coas pingas respiratorias que se emiten coa tose ou o esbirro dunha persoa infectada.** O seu contaxio depende da cantidade do virus nas vías respiratorias. Estas pingas infectan a outra persoa a través do nariz, os ollos ou a boca directamente. **Tamén poden infectar ao tocar o nariz, ollos ou boca coas mans que tocaron superficies contaminadas por estas pingas.** Parece pouco probable a transmisión polo aire a distancias maiores de 2 metros. Actualmente considérase que a transmisión da infección comeza 1-2 días antes do inicio de síntomas. A maioría das persoas adquiren a COVID-19 doutras persoas con síntomas.

Non se sabe con certeza canto tempo sobrevive o virus causante da COVID-19 nunha superficie, pero parece comportarse como outros coronavirus. Os estudos realizados (incluída a información



preliminar dispoñible sobre o virus da COVID-19) indican que os coronavirus poden subsistir nunha superficie desde unhas poucas horas ata varios días. O tempo pode variar en función das condicións (por exemplo, o tipo de superficie, a temperatura ou a humidade ambiental).

**Os síntomas máis comúns** son febre, tose, sensación de falta de aire e outros síntomas considerados de sospeita de infección segundo o criterio clínico. A maioría dos casos presentan síntomas leves e pode haber persoas que non presenten síntomas. En casos máis graves a infección pode causar pneumonía, dificultade importante para respirar, fallo renal e mesmo o falecemento.

**Os grupos vulnerables** son as persoas con diabetes, enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, insuficiencia renal crónica, inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade mórbida (IMC>40), embarazo e maiores de 60 anos.

**O maior risco de contaxio** céntrase no persoal sanitario asistencial e non asistencial que atende un caso confirmado ou en investigación con síntomas, cun contacto estreito. En xeral, débense considerar de maior risco aquelas profesións nas que se poida producir un contacto estreito con persoas infectadas.

En tanto non exista un tratamento eficaz, **a mellor maneira de previr a enfermidade é evitar o contacto entre persoas e cumprir coas medidas de hixiene e limpeza**, sempre apelando á responsabilidade individual e colectiva para evitar a transmisión.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o pasado 30 de xaneiro a situación de “emerxencia de saúde pública de importancia internacional”. Posteriormente, o 11 de marzo de 2020 declarou á COVID-19 como pandemia a nivel mundial.

En España, o 14 de marzo de 2020, o Consello de Ministros aprobou o Real Decreto 463/2020 polo que se declara o **estado de alarma** para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. Este Real Decreto e os sucesivos reais decretos de prórroga do estado de alarma, constituíron o marco regulador básico da normativa adoptada para facer fronte á emerxencia provocada por a pandemia.

O Acordo do Consello de Ministros de 28 de abril de 2020, aprobou o Plan para a Transición hacia unha Nova Normalidade, que concibe o levantamento das medidas de contención de modo gradual, asimétrico, coordinado cas comunidades autónomas

Finalmente o Real Decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, ante os posibles riscos que puidesen derivarse da perda de vixencia automática de ditas medidas, establece un deber xeral de cautela e protección que afiance comportamentos de prevención no conxunto da poboación, e a adopción dunha serie de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación, incluídas as limitativas da liberdade de circulación.

**Na actualidade a Comunidade Autónoma de Galicia** réxese pola **RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020**, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do

Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, **sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19**, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

## MEDIDAS AO COMEZO DA ACTIVIDADE

### Para o titular da actividade:

- **Elaborar e adoptar un plan ante o coronavirus** que conteña un conxunto de medidas para minimizar o risco de contaxio (distancia de seguridade, organizativas, de limpeza, hixiene e protección), tendo en conta a afluencia e tipoloxía de clientes, servizos que se prestan, etc que poderá realizarse co asesoramento do servizo de prevención de riscos laborais, de ser o caso.
- **Establecer unhas pautas de actuación** no caso de que se observe a persoas con sintomatoloxía compatible a COVID-19, seguindo en todo caso as directrices das autoridades sanitarias.
- **Ter en conta ao persoal traballador especialmente sensible** para adoptar as medidas específicas para minimizar o risco de contaxio no seu traballo. Os grupos vulnerables á COVID-19 son as persoas con diabetes, enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, insuficiencia renal crónica, inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade mórbida (IMC>40), embarazo e maiores de 60 anos.
- **Informar á clientela** sobre as medidas de seguridade establecidas para evitar o contaxio.
- **Informar ao persoal traballador** sobre: riscos de contaxio e propagación do coronavirus, con especial atención ás vías de transmisión, medidas de hixiene, medidas de prevención e protección incluído o uso e mantemento correcto de máscaras, guantes e equipos de protección individual (EPI) que utilicen.

### Para o persoal traballador:

- **As persoas que presenten febre (> 37°C), síntomas respiratorios (tose ou sensación de falta de aire) ou outros síntomas compatibles con COVID-19**, deben quedar no seu domicilio, comunicalo á empresa e contactar cos servizos de saúde no teléfono de atención 900 400 116, co médico de Atención Primaria e no caso de traballadores por conta allea cos servizos de prevención de riscos laborais (SPRL). Neste último caso, o persoal sanitario do SPRL será o encargado de establecer os mecanismos para a investigación e seguimento dos contactos estreitos no ámbito das súas competencias, de forma coordinada coas autoridades de saúde pública.

**Non deberá acudir ao posto de traballo** ata que se confirme que non hai risco para a persoa traballadora ou para os demais.

- **As persoas traballadoras que estiveron en contacto estreito cunha persoa enferma tampouco deben ir traballar**, mesmo en ausencia de síntomas, durante 14 días. Deben estar en alerta por se aparecen síntomas desta enfermidade.
- **As persoas traballadoras especialmente sensibles á COVID-19** son as que están incluídas nos grupos vulnerables e, ademais, a valoración do seu posto de traballo determinou



que existe un risco medio, alto ou moi alto en relación coa exposición ao SARS-CoV-2. Non se terá en conta o risco baixo por ser similar ao comunitario.

- **As persoas traballadoras do réxime xeral da Seguridade Social** serán valoradas polo persoal sanitario do servizo de prevención de riscos laborais (SPRL) e de ser cualificadas como especialmente sensibles, deberán propoñerse as medidas preventivas adecuadas para minimizar o risco no medio laboral (colectivas ou individuais, adaptación de tarefas, recolocación...). Se non se poden adoptar as medidas preventivas, o médico do traballo do SPRL emitirá un informe para o médico de atención primaria.
- **As persoas traballadoras autónomas sen asalariados ao seu cargo** serán valoradas pola Inspección de Servizos Sanitarios e o resultado será comunicado ao médico de atención primaria, se procede a situación de incapacidade temporal será quen emita o parte. As solicitudes presentaranse pola persoa interesada ou polo seu representante legal mediante o procedemento:

PR004A (<http://sede.xunta.gal/tramitar/PR004A>).

- **As persoas traballadoras autónomas con asalariados ao seu cargo** deberán presentar un informe asinado polo médico de traballo dun SPRL nos mesmos termos que os sinalados para os traballadores do réxime xeral da Seguridade Social.
- **O médico de Atención Primaria do Sergas** será quen poderá emitir a baixa e a alta laboral ao persoal traballador afectado polo coronavirus, tanto nas situacións de enfermidade, de illamento preventivo e a outro persoal que o precise como é o caso dos especialmente sensibles sen posibilidade de adoptar as medidas preventivas adecuadas.
- Nesta actividade, considérase unha **situación asimilada a accidente de traballo** para a prestación económica, pero a continxencia para cubrir será sempre de enfermidade común.

## MEDIDAS NOS DESPRAZAMENTOS AO TRABALLO

- Sempre é **mellor** utilizar un medio de **transporte individual**.
- **Nos vehículos** que unicamente se dispoña **dunha fila de asentos**, como no suposto de cabinas de vehículos pesados, furgonetas ou outros, poderán ocuparse todas as prazas.
- **Nos transportes privados particulares e privados complementarios** de persoas en vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor, poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo.
- **Nos transportes públicos de viaxeiros** en vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor, poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo por cada fila adicional de asentos respecto da do condutor.
- **Nos transportes en motocicletas, ciclomotores e vehículos categoría L**, cando viaxen dous ocupantes, deberán levar máscara ou casco integral cando non convivan no mesmo domicilio. O uso de luvas será obrigatorio, serán admitidas as luvas de protección de motoristas.
- **Nos transportes públicos** (autobús, tren) poderase ocupar a totalidade dos asentos procurando a máxima separación das persoas usuarias.
- En todo tipo de transporte seguiranse as **regras de mobilidade indicadas** en cada momento polas autoridades.



- En todos os supostos previstos **será obrigatorio o uso de máscara** por parte de todos os ocupantes dos vehículos, agás nos transportes privados particulares e privados complementarios, cando todos os ocupantes do vehículo convivan no mesmo domicilio.

## MEDIDAS PARA GARANTIR A DISTANCIA DE SEGURIDADE

Unha das medidas máis efectivas para minimizar a propagación do coronavirus é o **distanciamiento físico interpersoal de 1,5 metros entre persoal de venda, clientela e viandantes**. Para iso propóñense as seguintes medidas:

- Establecerase un **acceso para entrada de público e outro distinto para a saída** do recinto.
- **Controlar o aforo máximo permitido** do lugar no que se celebren para garantir a distancia de seguridade interpersoal.
- Os concellos establecerán requisitos de **distanciamiento entre postos e condicións de delimitación do mercado** co obxectivo de procurar manter a distancia de seguridade. A tal efecto, poderase distanciar os postos cun mínimo de 1,5 metros entre eles, salvo que teñan pantallas separadoras ou outros elementos barreira entre os postos co uso de máscara.
- Os concellos poderán aumentar **a superficie habilitada ou habilitar novos días** para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.
- Na **atención ao público deberá manterse a distancia de seguridade** entre o persoal vendedor e o clientela, que poderá ser 1 metro cando se conte con elementos de protección ou barreira (pantallas faciais ou pantallas de separación de metacrilato ou similares, de fácil limpeza e desinfección).
- **Sinalizar** a distancia de seguridade interpersoal entre clientes, con marcas no chan ou mediante o uso de balizas, cartelaría e sinalización para aqueles casos en que sexa posible a atención individualizada de máis dun cliente ao mesmo tempo.
- **Garantir a vixilancia do espazo** onde se celebre o mercado, durante o horario de funcionamento, para o cumprimento das normas de distanciamiento físico, así como para evitar aglomeracións.
- **No caso de picos con afluencia masiva** de clientes, impedirase a entrada ao recinto e estes deberán esperar fóra, de forma organizada, e gardando rigorosamente a distancia de seguridade.
- Para evitar picos de afluencia, poderanse implantar **sistemas de xestión do público, quendas, horarios prioritarios para persoas maiores**, etc., coas condicións que se establezan entre os Concellos e os comerciantes.
- **O tempo de permanencia no mercadillo** polos consumidores será o estritamente necesario para a adquisición dos produtos, evitándose demoras innecesarias.
- **Distribuír as tarefas** entre o persoal de forma que se garanta a distancia mínima establecida.
- Utilizar preferentemente **o pago con tarxeta ou móbil** sempre que sexa posible para evitar o contacto coa clientela.



- **O uso de máscaras será obrigatorio cando non se poida garantir** a distancia de seguridade interpersoal de **1,5 metros** entre o persoal traballador e a clientela ou entre o persoal.

## MEDIDAS HIXIÉNICAS

- Recoméndase **colocar dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes** con actividade virucida debidamente autorizados e rexistrados **na entrada e saída** dos mercados ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública.
- **Facilitar solucións hidroalcohólicas, luvas desbotables** e colocar **contedores** con tapa, pedal e bolsa recambiables nos postos para uso público, limpalas con frecuencia e polo menos unha vez ao día.
- **Facilitar a hixiene frecuente de mans** ao persoal traballador mediante solucións hidroalcohólicas.
- É importante que o **posto** este **ordenado** e cos produtos dispostos de forma hixiénica, adecuadamente separados por categorías e dando unha imaxe de limpeza segura en todo momento.
- **Evitar compartir** material de traballo como datáfonos, etiquetadoras e outros obxectos sen limpalos previamente.

### En relación cos produtos:

- Procurarase **evitar a manipulación directa** dos produtos **por parte dos clientes**.
- Solicitar á **clientela** que **non manipule os artigos** que non vaia comprar.
- Ter ao alcance dos clientes **só as pezas imprescindibles**, por exemplo, unha por modelo, para que o persoal teña un maior control e evitar que sexa manipulada pola clientela.
- Buscar a mellor maneira de **protexer o produto** para evitar a súa contaminación pola exposición e manipulación.
- **Eliminar os produtos de mostra**.

### En relación cos probadores:

- **Unha soa persoa** por probador.
- No caso de que se acceda mediante **cortina**, establecer instrucións para non tocala coa man, retirala con luvas ou o cóbado. Lavar a cortina diariamente.
- Utilizar **calzas** desbotables para probar zapatos e **gorros desbotables** para sombreiros.
- No caso de que un cliente probe unha peza que posteriormente non adquira ou no caso de que a devolva, o titular do posto adoptará **medidas para que a peza sexa hixienizada** antes de que sexa facilitada a outros clientes.

### En relación coa limpeza do posto e téxtiles:

- Lavar a diario cos produtos recomendados a **roupa de traballo**. Recoméndase un lavado cun ciclo completo a unha temperatura de **>60°C** ou utilizar aditivos para a desinfección cando o tecido non admita esa temperatura.
- Dispoñer de **produtos para a limpeza e desinfección dos postos** (deterxente, lixivia ou outros produtos autorizados). Os deterxentes habituais son suficientes, aínda que tamén





se pode contemplar a incorporación de lixivia ou outros produtos desinfectantes ás rutinas de limpeza, sempre en condicións de seguridade e segundo as recomendacións da autoridade sanitaria.

- Realízase, polo menos unha vez ao día, **unha limpeza e desinfección das instalacións** con especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes, especialmente mostradores e mesas ou outros elementos dos postos, anteparos, de ser o caso, terminais de pagamento, ferramentas de traballo e outros elementos susceptibles de manipulación, prestando especial atención a aqueles compartidos polo persoal.
- O **persoal que realice a limpeza** do posto ambulante unha vez finalizado o seu traballo e tras despoñerse de luvas e máscara, debe realizar unha completa hixiene de mans, con auga e xabón, polo menos 40-60 segundos.

#### En relación cos vehículos de transporte e venda ambulante itinerante:

- Realizar **limpeza e desinfección frecuente do vehículo de carga**, con especial atención a superficies, volante, pomos etc. Para esta acción pode utilizarse lixivia de uso doméstico diluída en auga, ou calquera dos desinfectantes existentes no mercado que foron autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No manexo destes produtos seguiranse as indicacións da etiquetaxe dos mesmos.
- Para as tarefas de limpeza, facer uso de **luvas**.

#### MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- **Informar ao persoal de que, se ten síntomas, debe quedarse na casa e de que, se estivo en contacto estreito cun caso**, tampouco acudan ao seu posto de traballo. Uns dos puntos claves na xestión do risco é a identificación e contención precoz das fontes de contaxio.
- **Informar e formar ao persoal** sobre os riscos de contaxio e propagación do coronavirus, con especial atención ás vías de transmisión e as medidas de prevención e protección adoptadas.
- **Colocar carteis** en zonas visibles no mercadillo o nos postos ambulantes que advirtan á clientela sobre as medidas organizativas e de distanciamento físico establecidas polas autoridades sanitarias e sobre a súa obriga de cooperar no seu cumprimento.
- **Instar os clientes a desinfectar as mans** antes tocar os produtos.
- **Modificar a disposición dos postos, a distribución de espazos e o resto de condicións de traballo**, para manter a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros entre o persoal.
- **Ter suficiente material de protección**, especialmente máscaras e luvas desbotables, para o persoal traballador.
- **Elaborar un protocolo de limpeza e desinfección**.





## MEDIDAS DE PROTECCIÓN PERSOAL

- **O uso de máscara é obrigatorio na vía pública**, en espazos ao aire libre e en calquera espazo pechado de uso público ou que se atope aberto ao público, sempre que non sexa posible manter unha distancia de seguridade interpersonal de polo menos 1,5 metros. Preferiranse as máscaras hixiénicas e cirúrxicas, que cubrirán o nariz e a boca.

**O emprego de máscaras na comunidade é unha medida complementaria e non substitúe as medidas preventivas** establecidas como, por exemplo, distanciamento físico, etiqueta respiratoria, hixiene de mans e evitar tocar a cara, o nariz, os ollos e a boca. Si pode servir como un medio de control da fonte de infección ao reducir a propagación na comunidade, xa que se rebaixa a excreción de pingas respiratorias de individuos infectados que aínda non desenvolveron síntomas ou que permanecen asintomáticos.

- **Non será esixible a máscara** para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. Nin nos suposto de forza maior ou pola propia natureza da actividade.
- **As máscaras hixiénicas** deberán responder a estándares de calidade certificados ao mesmo nivel que **as máscaras cirúrxicas ou médicas** (Norma EN 14683:2019+AC:2019), o que exclúe os produtos fabricados con outro tecido, tricotado ou papel. Poden ser reutilizables (especificación técnica UNE 0065:2020) ou non reutilizables (especificación técnica UNE 0064-1:2020).

O seu uso pode colaborar na diminución da transmisión por parte de persoas sen síntomas ou con síntomas leves, sempre que se faga asociado ás medidas de prevención.

- **As máscaras cirúrxicas ou médicas**, que deben ser un produto sanitario homologado, serán sempre as elixidas polas persoas que pertencen aos grupos vulnerables á COVID-19.

O seu uso limita a saída das pingas respiratorias polo que prevén a transmisión do virus a outras persoas e ten un efecto protector, se se usa de maneira adecuada e asociado ás medidas de prevención. Para iso é imprescindible que encaixe ben na cara, se tolere ben e se teñan as precaucións de uso correcto das máscaras.

- **A máscara de protección individual EPI (tipo FFP2)** só é recomendable nos casos prescritos polo servizo de prevención, de ser o caso, que debe indicar o seu uso, tipo, tarefas e situacións nas que se debe usar.

A mellor forma de previr a transmisión é usar unha combinación de todas as medidas preventivas. Os equipos de protección individual (EPI), de considerarse, serán un complemento.

- **Usar e refugar as máscaras e os EPI de forma adecuada** para previr a infección. Lavar sempre as mans antes de poñelos e despois de quitálos. Evitar igualmente tocar a cara cando se leven postos.







- É necesario **garantir a subministración de material de protección**, de maneira especial máscaras e luvas, segundo as indicacións do servizo de prevención de riscos laborais e das autoridades sanitarias.

O uso de máscara non debe nunca obviar a importancia do seguimento estrito das medidas xerais recomendadas para a prevención da infección por coronavirus, insistindo na importancia de manter a distancia de seguridade; a hixiene de mans frecuente con auga e xabón ou solucións hidroalcohólicas; ao tusir ou esberrar, cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado; usar panos desbotables e tirar estes tras o seu uso, así como evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.

## MEDIDAS PARA A XESTIÓN DOS RESIDUOS NO CENTRO DE TRABALLO

- **Xestionar** os residuos ordinarios **do modo habitual**.
- **Dispoñer no recinto de contedores suficientes** para a limpeza e reciclaxe propios da actividade.
- **Dispoñer de papeleiras nos postos ambulantes para depositar os residuos**.
- O **material de hixiene persoal** (luvas, máscaras ou panos) desbotaranse nas papeleiras ou contedores con tapa, pedal e bolsa recambiable e depositarase na fracción resto.
- No caso de que unha **persoa traballadora presente síntomas** mentres se atope no seu posto de traballo, será preciso **illar o contedor** onde depositase panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.

## MEDIDAS PARA O PERSOAL TRABALLADOR

- **Cumprir con** todas as **medidas de prevención** que lle indiquen o titular da actividade.
- **Manter a distancia de seguridade de 1,5 metros e se non**, utilizar **máscara** hixiénica ou cirúrxica. Poderá ser 1 metro cando se conte con elementos de protección ou barreira (pantallas faciais ou pantallas de separación de metacrilato ou similares, de fácil limpeza e desinfección).
- **Evitar o saúdo con contacto físico**, incluído o dar a man.
- **Non utilizar equipos ou material de traballo** doutras persoas traballadoras. No caso de que sexa necesario, aumentar as medidas de precaución e desinfectalos antes de usalos. Se non é posible, lavar as mans inmediatamente despois de usalos.
- **Lavar frecuentemente as mans** con auga e xabón, ou cunha solución hidroalcohólica.
- É especialmente importante **lavarse despois de tusir ou esberrar ou despois de tocar superficies potencialmente contaminadas**. Tratar de que cada lavado dure polo menos 40 segundos.
- **Cubrir o nariz e a boca cun pano desbotable** ao tusir e esberrar, e desbotalo a continuación nun contedor con tapa, pedal e bolsa recambiable. No caso de non dispoñer de panos, **empregar a parte interna do cóbado** para non contaminar as mans.





- **Evitar tocar os ollos, o nariz ou a boca**, xa que as mans facilitan a transmisión do virus, tamén cando use máscaras e/ou luvas.
- **Tirar calquera refugallo** de hixiene persoal, especialmente os panos desbotables, **de forma inmediata ás papeleiras ou contedores** habilitados.
- No caso de presentar **síntomas no traballo**, debe comunicalo á empresa e contactar de inmediato co teléfono de atención 900 400 116 ou co médico de atención primaria.

## MEDIDAS ESPECÍFICAS EN FUNCIÓN DOS PRODUTOS Á VENDA

### Produtos e atención á clientela

- Nos mercados ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública que contén con **zonas de autoservizo**, deberá prestar o servizo o vendedor do posto de venda non sedentaria co fin de evitar a manipulación directa dos produtos por parte dos clientes. Unicamente os vendedores poderán tocar os produtos. Farano sempre con luvas de protección, así como con máscara, e seguindo as instrucións e recomendacións de hixiene fronte á COVID-19.
- De maneira xeral **non se poderá poñer á disposición da clientela produtos de mostra non destinados á venda** como cosméticos, produtos de perfumería e similares e restrinxirase o seu uso ou manipulación unicamente ao persoal vendedor, excepto para certos produtos (técnico, calzado, sombreiros ou xoiería) para os que deben seguir as recomendacións específicas.
- **Evitar a manipulación simultánea de produtos e diñeiro ou outros medios de pago**. Para iso, é recomendable que, se hai máis dun traballador no posto de venda, un deles se encargue de realizar os cobros.
- **Fomentarase o pago por tarxeta ou outros medios que non supoñan contacto físico**, evitando, na medida do posible, o uso de diñeiro en efectivo. Limparase e desinfectarase o TPV tras cada uso se o empregado que o utiliza non é sempre o mesmo ou se foi manipulado polo cliente.
- **Valorarase dispoñer unha mesa** con bandexas para que os clientes poidan recoller o produto sen establecer contacto entre clientela e persoal vendedor.
- **No caso de devolución de produtos**, débese realizar a súa desinfección ou mantelos en corentena antes de poñelos novamente á venda. Realizarase hixiene de mans antes e despois da manipulación dos produtos.

### 1. Produtos de alimentación

- Eliminar o autoservizo.
- Colocar os produtos fóra do alcance do público para evitar a súa manipulación directa. Se non é posible, os produtos de alimentación se colocarán detrás de pantallas ou utilizaranse sinais para advertilo.





- É recomendable que o persoal vendedor utilice luvas, cumprindo coa regulamentación sobre manipulación de alimentos. No caso de non dispoñer de luvas, extremaranse as medidas de seguridade e a frecuencia na limpeza e desinfección

## 2. Perfumería / Droguería

- Evitar os produtos de mostra non destinados á venda como cosméticos, produtos de perfumería e similares. Se existen, so deberán ser manipulados polo persoal vendedor.
- Non se permitirá a manipulación pola clientela de ningún produto que implique a retirada do seu envase orixinal nin apertura do mesmo.

## 3. Calzado / Marroquinería

- Expoñer unha mostra dos artigos de marroquinería / bolsos / carteiras que poderá estar plastificada ou envolta en filme para a súa fácil desinfección unha vez finalizada a xornada.
- Para probar o calzado será obrigatorio o uso de calcetíns desbotables ou bolsas de plástico desbotables de un só uso.
- Serán hixienizados os produtos que se proben e non se compren, así como os que se devolvan.

## 4. Bixutería, relojería e similares

- Os artigos expostos estarán cubertos de plástico transparente que permita a súa visión, evitando o contacto cos mesmos.
- Evitar a manipulación dos artigos pola clientela agás se se hixienizan as mans previamente.
- En caso de manipulación do produto, a clientela desinfectará con xel hidroalcohólico as mans ou a parte do corpo na que vaia a realizar a proba. Outra alternativa podería ser usar unha cuberta de plástico desbotable (por exemplo, filme de plástico) que cubra a parte necesaria do corpo (man, brazo, escote, etc.) dependendo de onde se probe a bixutería, anel, reloxo, colar, etc. Non se permitirá a proba de pendentes.
- Unha vez finalizada a proba, se desinfectará o artigo probado. Recoméndase como produtos desinfectantes a auga e xabón de maneira xeral. Tamén o alcol propílico de 70º fregándoo cunha toallita ou disco de algodón evitando a súa aplicación naqueles materiais que poidan ser danados polo alcol, nese caso recoméndase o uso de peróxido de hidróxeno (auga osixenada).

## 5. Confección / Textil





- Expor unha mostra de pezas representativas da colección e o resto de xénero estará empacotado e gardado por tallas, para facilitalo unha vez realizada a elección do comprador.
- No caso de que un cliente se probe unha peza que posteriormente non adquira, esta deberá ser hixienizada antes de que sexa facilitada a outros clientes. Esta medida será tamén aplicable ás devolucións de pezas.
- No caso de que as pezas a disposición da clientela se mostren sobre unha mesma superficie en tumulto ou “a barullo”, a clientela deberá usar luvas desbotables dun só uso facilitadas polo persoal vendedor.
- Cando se realicen probas de sombreiros ou accesorios de cabeza, usaranse gorros desbotables de celulosa que se tirarán unha vez terminada a proba.

## 6. Libros, CDs, películas y similares

- A manipulación dos artigos pola clientela realizarase garantindo a hixiene das mans con xel hidroalcohólico.
- Non se desinfectarán os libros.

## 7. Artesanía

Os produtos artesanais deberán seguir as recomendacións, correspondentes ao tipo de produto de que se trate, descritas neste documento.

## 8. Coleccións (filatelia, moedas, etc.)

- As coleccións (selos, moedas, etc.) expostas estarán cubertas ou envoltas de plástico transparente que permita a súa visión, evitando o contacto coas mesmas.
- Evitar a manipulación dos artigos das coleccións pola clientela agás se se tocan coas mans previamente hixienizadas.

## 8. Mobles

- Debe marcarse unha distancia de seguridade entre os mobles expostos e a clientela ou, se isto non fose posible, protexelos con anteparos, plásticos ou calquera outro medio que garanta a distancia e minimize manipulacións innecesarias. A súa manipulación, de ser necesaria, realizarase previa hixienización das mans e uso de máscara.
- A clientela poderá realizar probas dos mobles (cadeiras de brazos, colchóns, etc.) se estes se atopan protexidos con funda de plástico ou similar. As fundas se desinfectarán despois de cada proba.
- Os catálogos deben manipularse coas mans hixienizadas.



## 9. Decoración, enxoval e ferraxería

- Debe marcarse unha distancia de seguridade entre os produtos expostos e a clientela ou, se isto non fose posible, protexeranse adecuadamente para minimizar a súa manipulación.
- Evitarase, de maneira xeral, a manipulación dos artigos pola clientela. No caso de que sexa necesario manipular o artigo para a súa venda deberá realizarse previa hixienización de mans.
- As instrucións de funcionamento ou calquera outra indicación que implique a manipulación dos produtos á venda precisará dunha hixiene de mans e o uso da máscara.

## MEDIDAS NO CASO DUNHA SOSPEITA DE COVID-19

- No caso de que **unha persoa mentres estea traballando presente sintomatoloxía** compatible coa enfermidade, retiraráselle da súa actividade profesional, illaráselle e dotaráselle dunha máscara cirúrxica. Contactarase cos servizos de saúde chamando ao teléfono de atención 900 400 116 ou ao médico de atención primaria.
- **O servizo sanitario do SPRL** será o encargado de establecer os mecanismos para a investigación e seguimento dos contactos estreitos no ámbito das súas competencias, de forma coordinada coas autoridades de saúde pública.

## OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

- Organización Mundial da Saúde (OMS):  
[https://www.who.int/health-topics/coronavirus#tab=tab\\_1](https://www.who.int/health-topics/coronavirus#tab=tab_1)
- Ministerio de Sanidad:  
<https://www.mscbs.gob.es/en/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/home.htm>
- Centro Europeo para a Prevención e o Control de Enfermidades (ECDC):  
<https://www.ecdc.europa.eu/en/novel-coronavirus-china>
- Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia:  
<https://coronavirus.sergas.es/>
- Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao novo coronavirus (SARS-CoV-2) (8 de xuño de 2020):  
<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/PrevencionRRL COVID-19.pdf>
- Información científico-técnica, enfermidade por coronavirus, COVID-19 (2 de xuño de 2020):



<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/ITCoronavirus/home.htm>

- Guía de recomendacións preventivas de saúde laboral ante o coronavirus (20 de maio de 2020):

[http://issga.xunta.gal/portal/contido/actualidade/novas/nova\\_1259.html](http://issga.xunta.gal/portal/contido/actualidade/novas/nova_1259.html)

- Produtos virucidas autorizados en España:

[https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Listado\\_virucidas.pdf](https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Listado_virucidas.pdf)

- Protocolo e guía de boas prácticas dirixida á actividade dos mercados de venda non sedentaria:

[https://www.mincotur.gob.es/es-es/COVID-19/Documents/Protocolo\\_y\\_guia\\_de\\_buenas\\_practicas\\_dirigida\\_a\\_la\\_actividad\\_comercial.pdf](https://www.mincotur.gob.es/es-es/COVID-19/Documents/Protocolo_y_guia_de_buenas_practicas_dirigida_a_la_actividad_comercial.pdf)

A documentación elaborada pola Xunta de Galicia, a través do ISSGA, sobre recomendacións básicas para a prevención ante o coronavirus en distintas actividades sectoriais está dispoñible na páxina web: <http://issga.xunta.gal>





## Técnica do lavado de mans con auga e xabón



1 Humedecer as mans



2 Aplicar suficiente xabón



3 Fregar palma sobre palma



4 Fregar palma sobre dorso dos dedos entrelazados e viceversa



5 Fregar palma sobre palma dos dedos entrelazados



6 Fregar a dorso dos dedos sobre a palma oposta



7 Fregar os polgares restante un movemento rotatorio




8 Fregar as unhas dos dedos sobre a palma da man contraria con movemento circular



9 Fregar cada pulso cos man oposta




10 Adonar con auga



11 Pechar a bóla co cotovelo ou ben cunha toalla descartable



12 Secar cunha toalla de papel descartable



13 Este proceso debe levar entre 40 e 60 seg.





## Técnica de hixiene das mans con preparacións alcohólicas



1  
 Depositar na palma de man unha dose de produto suficiente para cubrir todas as superficies a tratar.



2  
 Fregar as palmas das mans entre si.



3  
 Estender o produto entre os dedos.



4  
 Fregar as palmas das mans entre si, cos dedos entrelazados.



5  
 Fregar o dorso dos dedos dunha man coa palma da man oposta, agarrándose os dedos.



6  
 Fregar con movemento de rotación o polgar esquerdo atrapándose coa palma de man dereita, e viceversa.



7  
 Fregar o punto dos dedos da man dereita contra a palma da man esquerda, facendo un movemento de rotación, e viceversa.



8  
 Fregar cada pulso coa man oposta.



9  
 Esperar ata que o produto se evapore e as mans estean secas (non usa papel nin toallas).



10  
 Este proceso debe levar entre 20 e 30 seg.

Adaptado de WHO e World Health Organization Guidelines on Hand Hygiene in Health Care



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE SANIDADE**  
 Dirección Xeral de Saúde Pública







## COLOCACIÓN CORRECTA DA MÁSCARA HIXIÉNICA OU CIRÚRXICA

Lavar as mans con auga e xabón antes de manipular a máscara. Identificar a parte superior e/ou o lado correcto desta. Colocala na cara e axustar, se dispón dela, a pinza nasal ao nariz.



Colocar ben as bandas, segundo modelo. Por detrás das orellas ou a banda superior pola parte da cabeza e a inferior pola parte de atrás do pescozo.

Beicar a parte inferior da máscara á barbela e verificar que esta queda cuberta na súa totalidade.



Presionar a pinza nasal, se a ten, cos dedos índices de ambas mans para axustarlá ao nariz. Verificar que a máscara está colocada correctamente, comprobando o selado e a ausencia de molestias respiratorias.

Unha vez axustada, non tocar a máscara coas mans. Se o usuario necesita tocar a máscara, debe previamente lavar as mans con auga e xabón ou refregalas cunha solución hidrialcohólica.

## XEITO CORRECTO DE POÑER E RETIRAR AS LUVAS



- **Paso 1:** Lavar as mans antes de poñer as luvas.
- **Paso 2:** Retirar as luvas e refugalas.
- **Paso 3:** Lavar as mans despois de quitar as luvas.

